

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
DIRECTOR TERRITORIAL DE A CORUÑA- SECCIÓN DE MINAS
RÚA VICENTE FERRER, NUM 2-2º ANDAR
15071- A CORUÑA
D. ISIDORO MARTÍNEZ ARCA

ASUNTO: Alegacións ACORDO do 14 de novembro de 2024, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública o proxecto Cobre San Rafael, nos concellos de Touro, O Pino e Arzúa (A Coruña) e Vila de Cruces (Pontevedra), promovido pola sociedade Cobre San Rafael, S.L.

D/Dª maior de idade, actuando en nome e representación propios, con DNI número..... sinalando como domicilio a efectos de notificacións....., ante o órgano ao que me dirixo, comparezo e

EXPOÑO:

Que con data de 22 de novembro de 2024 publicouse no DIARIO OFICIAL DE GALICIA, anuncio do Acordo do 14 de novembro de 2024 do Departamento Territorial da Coruña polo que se somete a información pública o proxecto Cobre San Rafael, nos concellos de Touro, O Pino e Arzúa (A Coruña) e Vila de Cruces (Pontevedra) promovido pola sociedade Cobre San Rafael SL, e emenda de acceso á documentación (DOG 17-12-2024), habilitándose un prazo de trinta días hábiles, dentro do cal se formulan as seguintes

ALEGACIONES

Unha vez analizada a documentación presentada a información do proxecto considero que supón graves e negativas implicacións ás que non se da solución nos documentos, en especial as relacionadas coa eliminación de captacións de auga para o consumo humano e por este motivo quero manifestar as cuestións ás que non da resposta o proxecto que resultan esenciais:

- 1. Supón cambios sustanciais en varios tramos dos cursos de auga do dominio público hidráulico**, rego do Burgo e do rego Pucheiras, así como a desaparición completa do principal afluente do río Pucheiras, o rego de Arinteiro, que quedará sepultado pola balsa 1-depósito de estériles-. Tampouco se recollen todas as fontes, mananciais, pozos, traídas veciñais e pequenos regos existentes nas numerosas fincas en especial na zona da Zanca, no monte de Arinteiro, que abastecen poboación e explotacións gandeiras que abastecen as aldeas de Loxo (Os Bravos, Arinteiro, Torreis, Eirexe, Vilanova, A Goleta...) e que quedarían sin opción de abastecemento de augas para a poboación, para regar as hortas, para o gando e demais animais domésticos; para aseo personal. Indícase a modo de exemplo nunha das

captación *“Por último, la población de La Goleta está constituida por 78 vecinos con consumos muy diferentes”*, cando en realidade son 78 vivendas, veciños son máis de 300, e en época estival ou fins de semana máis, tendo en conta que algunhas vivendas son segunda vivenda ou vacacional, o que ocasiona que nos meses de verán, fins de semana ou festividades a poboación se incremente.

2. O feito de non recoller todos os recursos hídricos, trae como consecuencia que realice un cálculo totalmente erróneo dos caudais das captacións que se eliminan, non se contabiliza a poboación afectada, senón que se fai referencia a vivendas según se recolle no documento *EsIA23_Anexo 21_ALTERNATIVAS Y MEDIDAS COMPENSATORIAS* idéntico ao documento *PE27_Anexo 22_ALTERNATIVAS Y MEDIDAS COMPENSATORIAS* igual que no proxecto denegado en 2020 co nome de *“Medidas compensatorias para el abastecimiento de agua en el área de la explotación minera”*:

“En general, la determinación exacta de consumos poblacionales es imposible dado que, en primer lugar, los depósitos no disponen de reguladores de caudal (caudalímetros), y en segundo lugar, en los concellos de O Pino y Touro no tienen constancia de ninguna concesión de aguas, por lo que tampoco hay registros. Los propios vecinos no saben lo que consumen. “

“los concellos de O Pino y Touro no tienen constancia de ninguna concesión de aguas, por lo que tampoco hay registros. Los propios vecinos no saben lo que consumen”

Esta afirmación é unha opinión do autor dos documentos que así o reflexou no proxecto denegado e mantén no documento presentado neste momento sin ningún tipo de cambio, máis alá da data do documento e a portada para dar aparencia de novedoso. Sin embargo si recolle logo imaxes dos lugares de captacións e un cadro de todas as que se eliminan según o autor, así é que **chegan á conclusión de establecer o “ déficit de posible captación de 149.29 m³/d” o que serían algo menos de 150.000 litros/día**, sendo moi inferior ao caudal diario das captacións actuais que teñen os veciños e que se propoñen eliminar.

A realidade é que non se realizou ningún tipo de comprobación nin recollida de datos veraces da zona afectada, sin ter en conta o gravísimo prexuízo que isto ocasiona que é deixarlles sin auga para consumo humano. O motivo del tales afirmacións non ten outra explicación que mermar os danos que se ocasionan á poboación sobre o dereito a un ben fundamental como é dereito a auga, e por outra parte dar a impresión de que a zona que van ocupar conta con poucos recursos hídricos en bo estado. Apórtase un escrito de Explotaciones Gallegas remitido por Augas de Galicia sobre rexistro de augas, sin saber exactamente qué pregunta se formulaba e que por tanto non aporta nada a este documento máis que confusión.

En concreto no proxecto sinálanse as “escorrentías” de Arinteiro, La Goleta, Torreis de Arriba y la parroquia de Cebreiro (O Castelo, Angumil y A Quintá) que coa mina din textualmente no documento *PE27_Anexo 22_ALTERNATIVAS Y MEDIDAS COMPENSATORIAS* e *EsIA23_Anexo 21_ALTERNATIVAS Y MEDIDAS COMPENSATORIAS*:

“van a desaparecer, o van a verse afectados mermando su capacidad de captación”.

3. **Di o proxecto que terá dous enormes depósitos de estériles de mina á beira das casas,** como era xa no proxecto do 2017 denegado: un primeiro depósito de estériles de 80 metros de altura e máis de 3 km. de lonxitude con capacidade para 34 Mt de residuos e que ocuparía unhas 125 Ha., e outro depósito nas cortas de Arinteiro e Vierio con capacidade para 69Mt e cunha superficie de unhas 95 Ha. **Os dous de categoría A, a máis alta,** dacordo á perigosidade dos residuos, e ambas irán impermeabilizadas cun material de apenas milímetros de espesor, **confiando en que non se piquen e que calquera fisura nesa lámina provocará filtracións ácidas ao terreo e contaminación das augas,** que non queda asegurado que non vaia acontecer.

Non se garante que isto non vai ocorrer, nin se garante que se vaian selar perfectamente dous recintos dunhas 100 Ha cada un, recubrindoos cunha lámina de milímetros de espesor e menos que a vixilancia ambiental se garanta de maneira indefinida, non se contempla en ningún caso este plan de vixilancia eterna, xa que estes depósitos é imposible desmantelalos, seguirán ahí para sempre. En caso de falla a súa perigosidade é moi alta, no *anexo PR27_Anexo 26_INFORME IGME-CSIC SOBRE DEP1* indícase: ***“El DEP1 se clasifica como MUY ALTA por consecuencia de fallo de la presa pues el potencial de población potencialmente en riesgo en caso de una falla catastrófica sería entre 10-100. Es MUY ALTA para el criterio de diseño de rebalse o sobrepaso y MUY ALTA para el criterio sísmico de diseño”.***

E todo esto a 200 metros da aldea de Arinteiro, quedando completamente encaixada entre eles. Unha aldea na que residen e desenvolven a súa actividade económica persoas e que ademáis de deixanos encaixados entre os depósitos de estériles, escombreyas, desabastecidos de auga, eliminarlles tramos de comunicacións por estrada como é a comunicación con Cebreiro co Camiño do 20. A memos de 1000 metros estamos as aldeas de A Goleta, Vilanova, Os Bravos, Torreis,.... pero esto non parece importar tampouco, solo que *“se vixiará” e “se procurará”* .

Estes depósitos e escombreyas van estar onde están as fontes que abastecen de auga á traída da Goleta, ademáis das outras que aparecen no proxecto que son moitas. Deixar á poboación sin abastecemento de auga neste país non se pode facer e tampouco nos poden cambiar auga limpa por auga tratada, a prioridade de abastecemento é para a poboación non para a mina.

Eses enormes depósitos instalaráanse en terras onde existen fontes que abastecen a centos de casas, case un millar de persoas todo o ano, sendo máis en fines de semana e períodos estivales ao ser unha zona de segundas vivenda de residentes por exemplo en Santiago, de Loxo e Cebreiro veráanse gravemente afectados por esta acción industrial.

Esta é a única vía de abastecemento de auga coa que conta esta poboación, para consumo sanitario, para rego das hortas e abastecemento de granxas e animais domésticos. **As fincas onde están as fontes que abastecen estas vivendas figuran na lista predios afectados pola mina,** onde irán eses depósitos, augas arriba da mina, augas limpas que non foron dañadas na anterior explotación e que parece que lles parecera pouco dano o ocasionado xa daquela para seguir incrementando agora.

4. Propoñen nos documentos idénticos que se chaman: *PE27_Anexo 22_ALTERNATIVAS Y MEDIDAS COMPENSATORIAS e EsIA23_Anexo 21_ALTERNATIVAS Y MEDIDAS COMPENSATORIAS*, distintas opcións para darlle solución á eliminación desas augas:

Sinálase como opción explorar captacións en entornos cercanos e como mello alternativa de abastecimento partir da explotación dos recursos hídricos da propia cunca do río Pucheiras ou das zonas colindantes o mellorando infraestruturas existentes, para continuar propoñendo un caudal de 63.71 m³/d a través de “aguas subálveas” que se supoñen do Pucheiras, un río contaminado que recibirá augas tratadas químicamente e 85.58 m³/d con distintas opcións:

- *“Aprovechamiento de aguas subterráneas.* Perforar pozos en las zonas próximas a las zonas de fracturación en zonas próximas ao Pucheiras, que matizan non sería moito caudal e tería o problema da contaminación de ferrol, e máis adiante non a dan por moi axeitada pola concentración de metais pesados.
- *Aprovechamiento de aguas de recarga areal.* “aguas de escorrentía superficial recogidas en los canales perimetrales y que no han entrado en contacto con el mineral o las que proceden de los huecos mineros depurándolas” a auga da depuradora tratada químicamente para as captacións de consumo sanitario, parece unha broma ou unha burla. Aínda que logo tamén di que non sería viable porque sería unha zona con explotación, todo moi condicionado á calidade.
- *Aprovechamiento de aguas superficiales. Con tres opcións*
 - *“Rio Lañas hay una estación de bombeo que abastece a dos depósitos de, aproximadamente, 400 m³ de capacidad cada uno cuyo uso lo ejerce Explotaciones Gallegas S.L. La construcción de otro depósito de 300 m³ al lado de éstos sería otra opción”* A empresa dispón xa dunha captación de auga boa, e como elimina a mala pretende ter dúas para dar servicio á veciñanza? Realmente esto é unha burla de mal gusto.
 - *“Aprovechamiento de las aguas del río Brandelos mediante la construcción de una estación de bombeo”,* pero moi caro, aínda que dispostos a pagalo, outra burla máis. Pero claro precisaríase dun proxecto de construción e non se presenta nada de cómo sería e por onde se tería que levar, xa que do Brandelos a Loxo e Arinteiro métese polo medio cortas de explotación.
 - *“Concello de O Pino como el de Touro tienen tomas de agua para la población, las cuales son tratadas en las correspondientes estaciones de tratamiento de aguas o depuradoras. La existencia de estas tomas en el río Lañas, para el caso del Concello de Touro, y en el río Tambre, para el caso del Concello de O Pino, facilitarían la garantía del suministro, ya que solamente habría que ampliar la red de abastecimiento de ambos ayuntamientos”*

Evidentemente estas alternativas parecen burlas. No pleno do Concello de Touro do pasado día 12/12/2024 o alcalde confirmou no pleno e así quedaría recollido en acta que o que indican no proxecto: *“Adenda I y Adenda II se incluyen las memorias, una por Concello, consensuadas y valoradas por las propias empresas concesionarias del servicio municipal de aguas de ambos ayuntamientos: Espina Delfín en Touro y Viaqua en O Pino.”* No pleno de 9-1-2025 volveu a confirmarse esta situación. Non responde á realidade con respecto ao Concello de Touro, que teña algún acordo coa empresa sobre este aspecto. En canto ao acordo con Concello de O Pino figura un documento como Adenda I como proposta de ampliación da rede de abastecimento

de auga de Cebreiro de 2018, por tanto do proxecto denegado, sin que conste sinatura algunha sobre este proxecto do Concello de O Pino, a pesar de indicar : *“Esta solución cuenta con el visto bueno del Concello y de la empresa encargada del Servicio de Aguas”*, nesta proposta plantean como unha problemática actual o abastecemento desta rede, cando a problemática real é que queren deixar a poboación sin abastecemento para facilitar unha explotación minera, por tanto a problemática solucionase se non se instala a mina, como se sinala ao final do documento *“problemática en cuanto a la posible afección de una captación de aguas en el paraje de Monte das Minas por el desarrollo de la futura explotación minera.”*¹

A adenda do Concello de Touro igualmente do 2018, do proxecto denegado en 2020, co logotipo de Espina e Delfin e sin acordo co Concello de Touro, onde se fai un cálculo erroneo de abonados, habitantes, caudales... afirmándose que “para el cálculo de las infraestructuras a realizar, entendiendo que un plazo de 5 a 10 años será necesario ampliar la estación de tratamiento de agua potable, y el suministro de energía para dar servicio a la estación de bombeo que alimenta al depósito del polígono industrial de Touro.” Sin que se presente tampouco ningún proxecto a futuro para esas necesidades, e aventurando un futuro para o que non se contempal solución cando se afirma: *“En cualquier caso como la capacidad de la ETAP (10 l/s) no garantiza en un futuro el suministro del Concello de Touro, es necesario acometer la ampliación de capacidad de la ETAP duplicando su capacidad (a 20 l/s) para no verse condicionado”* e concluíndo; *“Para la alimentación a los trabajadores de la mina, será necesario aparte de reforzar la línea de alimentación a Arinteiro, instalar un grupo de presión en dicho lugar, e instalar una tubería de impulsión hasta dicho punto de consumo.”* Está claro que a mina é actualmente excedentaria en auga, porque de feito ten solicitada una autorización de vertido para o baleirado da balsa do Vieiro que din tratar na actual planta depuradora, pero esa auga non lles vale a eles para consumo, pero sí pretenden que lle sirva á poboación, mentras para a mina sigan captando auga boa no Lañas a pesar de deixar desabastecida á poboación de Touro, está claro que teñen un problema coa auga, non queren a súa, e queren a da poboación, e está claro que a poboación tamén ten un problema coa auga, a mina quere quitarlla.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20231005/AnuncioO143-250923-0001_es.html

Dende captar auga do Brandelos ou Pucheiras, ríos contaminados pola minería, a prolongar a rede que chega actualmente a Cebreiro e traer auga do Tambre, ou captala na ETAP que o concello de Touro ten no Lañas, ter que solucionarlle o problema da auga á mina, tendo en conta que o Concello de Touro xa sofre restricción actualmente todos os veráns, porque antes da captación que ten no río Lañas, xa capta a mina para os seus usos industriais e abastecer a toda canta nova empresa crea nos terreos da mins, quitando así auga para a poboación. Resulta máis importante que non se aporta un estudo de consumos de auga real da zona. **Nas alternativas propostas buscan un recurso para “alcantar un abastecemento de 198.08 m³/d” uns 198.000 l/día para todas as captacións** que se anulan aínda que despois fan un cálculo de necesidade e establecen o **“déficit de posible captación de 149.29 m³/d” o que serían algo menos de 150.000 litros/día**, o que seguiría sin cubrir nin corresponderse coas actuais necesidades das captacións que se eliminan.

Non se aportan solucións reais para abastecemento da poboación actual da zona nin das súas actividades económicas, xa que nesa zona tamén existen empresas que precisan auga, sobre

¹ <https://www.youtube.com/live/FzHBq0joHu4>

todo as empresas agro gandeiras que en ningún caso se están a contemplar que incluso terían que pechar ou reducir gando e en consecuencia minorar o seu balance económico e ter que despedir persoal, así como os hortos familiares que son unha vía importante de abastecemento, cuestións que no estudo socioeconómico non se valora nin se ten en conta, pero estamos a falar de millóns de euros en todo o período que pretende a explotación estar activa, en principio.

Das 8 alternativas practicamente o propio documento descarta todas, solo lle parece máis axeitada a da captación no Lañas, que a todas luces é impensable, xa que sería vestir un santo para desvestir outro, e sobre todo insistir que os cálculos de aportes de augas necesarios non están ben realizados.

Engadir a estas medidas que a mina tamén precisa **auga sanitaria para consumo humano** e parece que a quere coller de fora da mina, non sabemos porqué a captación do Lañas de Explotaciones Gallegas non sería suficiente, ou a auga do Vieiro depurada na súa planta depuradora, a pesar que por outra parte manifestan no proxecto ser excedentarios de auga e ter que verter ². Neste caso o único que se aporta no proxecto é indicar que “*se están estudiando alternativas de abastecemento para que el Proyecto tenga servicio de agua potable*” non entendemos porqué non lles sirva a auga do seu circuito pechado depurada na súa planta depuradora que anuncian a bombo e platillo, será porque non é real non existe ausencia de uso de auga na mina nin existe vertido cero, porque manifestan precisar auga e porque solicitan autorizacións de vertido, pero como publicidade de ecopostureo sale moi a conta.

Por todo o exposto, **SOLICITO** polos motivos expostos

1.- **Que se teñan por presentadas estas ALEGACIONES en tempo forma** ao acordo do 14-11-2024 do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña polo que se somete a información pública o Proxecto Cobre San Rafael, nos concellos de Touro, O Pino e Arzúa (A Coruña) e Vila de Cruces (Pontevedra), promovido pola sociedade Cobre San Rafael SL.

2.- **Que se proceda á devolución do proxecto** Cobre San Rafael declarado como proxecto industrial estratéxico (PIE) por acordo do 24 de xuño de 2024 do Consello da Xunta de Galicia, situado nos termos municipais de Touro, O Pino, Arzúa (A Coruña) e Vila de Cruces (Pontevedra) promovido pola sociedade Cobre San Rafael SL e por extensión tamén do Acordo do 14 de novembro de 2024 do Departamento Territorial da Coruña polo que se somete a información pública o proxecto Cobre San Rafael, nos concellos de Touro, O Pino e Arzúa (A Coruña) e Vila de Cruces (Pontevedra) promovido pola sociedade Cobre San Rafael publicado o 22 de novembro de 2024, ao promotor, ao amparo do previsto polo artigo 39.4 c) da Lei 21/2013 de Avaliación Ambiental:

«No prazo de vinte días hábiles desde a recepción da solicitude de inicio da avaliación de impacto ambiental ordinaria o órgano ambiental poderá resolver a súa inadmisión por algunha das seguintes razóns: (...) c) Se xa inadmitise ou xa ditase unha declaración de impacto ambiental desfavorable nun proxecto substantivamente análogo ao presentado.»

² https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20231005/AnuncioO143-250923-0001_es.html

3.- **Que se resolva a inadmisión do proxecto**, porque xa se ditou unha resolución de impacto ambiental desfavorable para un proxecto sustantivamente análogo ao agora presentado presentado pola mesma mercantil, nos mesmos terreos e para a mesma actividade.

4.- **Que se me recoñeza a condición de persoa interesada** e se me teña por persoadada no procedemento administrativo anteriormente indicado, por ser titular de dereitos subxectivos e intereses lexítimos que se poden ver afectados pola resolución que se adopte no citado procedemento a fin de poder exercer os dereitos recollidos na Lei 39/2015 do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Pública (art.53), e na artigo 37.5 da Lei 21/2013 do 9 de decembro de Avaliación Ambiental.

5.- **Solicito que os datos personais das persoas que presentan estas alegacións** dacordo á Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de protección de datos personais e garantía dos dereitos dixitais, sean veladoe e **no sean facilitados a terceiros** no proceso de toda a tramitación do expediente en especial á mercantil solicitantes solicitando o cumprimento por parte dos organos tramitadores do cumprimento do artigo 5. Deber de confidencialidade, velando os datos personais de identificación das persoas asinantes no proceso de avaliación das alegacións presentadas.

Ena.....de.....de 2025